



EDICTO

Aprobación da oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Vedra

En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, por Resolución da Alcaldía núm. 282/2022, de data de hoxe, acordouse o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a oferta extraordinaria de emprego público deste concello para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal , que contén as seguintes prazas:

PERSOAL LABORAL

Denominación das prazas	Grupo	Nº Prazas	Sistema de acceso
Axente de emprego e desenvolvemento local	II	1	Concurso
Arquitecto/a técnico/a	II	1	Concurso
Educador/a familiar	II	1	Concurso
Coordinador/a de cultura	III	1	Concurso
Axente de turismo e medio ambiente	IV	1	Concurso
Monitor/a de ludoteca	IV	2	Concurso
Encargado de protección civil, mantemento de espazos naturais e outros	IV	1	Concurso
Limpador/a	V	1	Concurso
Conserxe e servizos múltiples	V	1	Concurso
Operario/a brigada verde e servizos varios	V	2	Concurso
Operario/a RSU	V	1	Concurso
Operario/a servizos varios (augas)	V	1	Concurso
Condutor/a-operario/a de maquinaria e servizos	V	1	Concurso
Albanel- oficial 2ª	V	1	Concurso

SEGUNDO.- Publicar a oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Vedra no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) , no BOP e no Diario Oficial de Galicia, en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro

TERCEIRO.- A publicación da convocatoria para a cobertura das prazas incluídas na oferta para a estabilización temporal deberá ser antes do 31 de decembro de 2022 e a súa resolución antes do 31 de decembro de 2024

CUARTO.- Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor e darlle conta ao pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse alternativamente o recurso potestativo de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

Administracións Públicas, ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses de acordo co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso –Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición , non se poderá interpoñer o contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outra actuación que se estime máis conveniente ao seu dereito.

Vedra, 13 de maio de 2022

O Alcalde

Asdo: Carlos Martínez Carrillo